

PAGO DÍA OPE ENFERMERÍA

C
C
O
O
I
N
F
O
R
M
A

Pola dificultade de cobertura que sempre supón o día da OPE en determinadas categorías que son deficitarias, **CCOO** solicita na Mesa Sectorial de hoxe que se abone o día da OPE de Enfermería e Enfermería Especialista de xeito análogo a un día de especial **significación**, é dicir, cos importes de **xornada complementaria + dobre festividade**, tal como se fixo no proceso de oposición anterior.

Deste xeito, promoveríase a voluntariedade do persoal enfermeiro con praza en propiedade.

A administración acepta a proposta de **CCOO** e informa que están preparando o **programa especial** para o pago de xornada complementaria e que se abonará como día de especial **significación**.

Para máis información, acode á túa sección sindical de CCOO

15 de abril do 2026